

Rodríguez Baixeras: "A poesía non mudou moito cos anos porque é pura, sen artificios e sen un propósito lucrativo"

Iago Casal / El Progreso

03/feb/11

A Asociación A Pomba do Arco de Foz organiza un acto de homenaxe a Xavier Baixeras pola súa contribución á actividade cultural da comarca. No acto, que será na casa da cultura, participarán diferentes colectivos culturais de toda A Mariña.

A Casa da Cultura Poeta Manuel María de Foz acolle este venres, ás 20.30 horas, un acto de homenaxe e recoñecemento á figura de Xavier Rodríguez Baixeras. Este poeta e escritor de orixe catalá converteuse por méritos propios en parte importante da literatura galega e, sobre todo, puxo en valor á comarca cos seus textos e coa súa vinculación coas actividades culturais feitas na mesma.

Como recibiu a noticia de que ía a ser homenaxeado en Foz pola Pomba do Arco?

A noticia recibina hai xa un mes, e o certo é que foi toda unha sorpresa. Eu teño unha relación moi directa cos integrantes da Pomba do Arco dende hai xa moitos anos, polo que me fixo moi feliz este recoñecemento da asociación.

É máis preciado o agarimo cando procede de xente coa que se ten tanta relación?

Sen dúbida. É todo un pracer sentirme profeta na miña terra, sobre todo porque a miña relación coa Mariña non é todo o directa que quixera, aínda que últimamente cada vez estou máis tempo aquí pola miña relación coa Pomba do Arco e tamén porque sempre me gustou veranear aquí, ou en Ribadeo, onde pasei a miña infancia.

Como ve vostede a situación da poesía en xeral e da poesía galega en particular?

Respecto á situación da poesía eu penso que non hai moita mudanza. A poesía sempre foi algo íntimo e desinteresado e, polo tanto, iso convértese en algo puro e sen artificios. Os poetas non escriben cun propósito lucrativo, nin o fan pola fama. É curioso porque trátase dun fenómeno que se da en todo o mundo, non só en Galicia ou en España. Eu estiven vivindo en Brasil e o certo é que a situación foi exactamente a mesma ca que estou a contar. A poesía sempre foi, en parte, unha actividade oculta, que é como realmente funciona. Se fose doutro xeito deixaría de ter esa esencia. Respecto á poesía galega hai que dicir que vive momentos moi felices. Dende a época do Rexurdimento está a vivir unha etapa moi boa e está a ser moi importante.

Ata que punto influíu A Mariña na súa obra?

A presenza da Mariña na miña obra é importante, aínda que non a teño tan visitada como quixera, pero foi moi importante na miña infancia e nos meus versos. Os recordos de neno xunto coa tradición e as cousas que vas vivindo de novo forman unha experiencia fundamental. Nese senso 'Beiramorte' foi o libro onde máis aparece reflexada a comarca.

Ultimamente está a recibir moitos premios. Como leva tanto recoñecemento xunto?

Pois con tranquilidade. Eu xa estou nunha época na que un recibe as noticias con tranquilidade, pero iso non significa que non estea moi contento e satisfeito.

Cal é a función da poesía na actualidade?

A poesía ten unha labor moi importante, aínda que realmente a tivo sempre. Na actualidade penso que é un xeito de coñecer o pasado. Fai que poidamos comprender mellor a realidade actual porque entendemos o que vai detrás.

Foi importante a labor da súa familia á hora de desenvolverse dentro do ámbito cultural?

Sen dúbida, foi fundamental. O ambiente cultural na miña familia sempre foi moi bo e iso é algo que inflúe positivamente e axuda á hora de escribir.

Como se considera vostede? Galego ou catalán?

Eu nacín en Cataluña, pero foi un momento breve da miña vida. Os meus pais son cataláns pero a miña infancia paseina en Galicia e eu escollín a cultura galega, polo que se pode decir que son galego.

Pode dedicarlle unhas verbas ós veciños de Foz e ós membros da asociación A Pomba do Arco?

Quixera agradecerlles este recoñecemento e, sobre todo, a oportunidade que me brindaron de poder participar na vida cultural da comarca. Gústame aportar o meu grao de area á Mariña, que é unha terra coa que sempre estarei vinculado.